

Fig. 1 – Debuxo do torques de Vilas Boas (segundo MACHADO, 1965, Fig. 1).

O torques de Vilas Boas (Vila Flor, Bragança, Portugal)

LOIS LADRA*

Sumario

Revisitamos o lugar do achado e a historia dun dos torques mais senlleiros da ourivaría da Idade do Ferro do Noroeste, aportando diversa documentación inédita.

Abstract

In this article we will revisit the history of one of the most renowned gold torcs of the Iron Age in the Northwest of the Iberian Peninsula, providing hitherto unpublished information.

INTRODUCCIÓN

O torques descuberto no sitio das Tamancas (freguesia de Vilas Boas, concelho de Vila Flor e distrito de Bragança, Portugal) pasa actualmente por ser un dos exemplares mais espectaculares de entre todos os atopados no Noroeste, no ámbito da denominada ourivesaría da Idade do Ferro. Para quen está habituado a estudar este tipo de producións, os primeiros pormenores que chaman poderosamente a atención no torques das Tamancas ou de Vilas Boas son o seu tamaño desmesuradamente grande e a súa requintada decoración, até certo punto barroquizante.

Con este artigo non pretendemos aportar nova interpretación algunha sobre a eventual significación social, económica, política ou simbólica do torques de Vilas Boas. Estamos perante unha peza que conta con unha abondosísima bibliografía e é por iso que agora apenas realizaremos un percurso analítico pola mesma, sempre diacronicamente ordenado. Por outra banda, gustaríanos render unha sentida homenaxe a un dos seus principais estudosos: o esgrevio polígrafo lusitano Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior, que mantivo unha prolífica relación con moitos dos intelectuais galegos mais destacados de boa parte do século XX (ESTRAVIZ, 2011).

Así pois, vaia por diante o feito de que o noso principal propósito con este traballo é o de recuperar e dar a coñecer unha pequena parte do inmenso acervo inédito que actualmente se custodia no *Centro de Memória* do municipio transmontano da Torre de Moncorvo e ao cal tivemos felizmente un doado acceso¹. Grazas ao bon facer dos

* **Lois Ladra** é arqueólogo e antropólogo e actualmente está a coordinar o *Estudo Etnológico do Vale do Tua* (loisladra@gmail.com).

¹ O denominado «Fundo Santos Júnior», depositado no *Centro de Memória* da Torre de Moncorvo, constitúe un vastísimo conxunto de documentos escritos, fotográficos e bibliográficos de enorme importancia para todos os estudosos da Arqueoloxía e da Etnografía galaico-portuguesa.



Fig. 2 – Fotografía xeral do torques das Tamancas, tomada en 1965. Imaxe inédita cedida polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).




Fig. 3 – Debuxo de pormenor da haste do torques de Vilas Boas (adaptado de MACHADO, 1965, Fig. 5).

profesionais responsábeis pola preservación, transmisión e divulgación deste magnífico patrimonio documental, puidemos ter coñecemento, entre outras cousas, dos avatares directamente vividos por Santos Júnior cando se produciu a descuberta do torques.

ESTUDOS REALIZADOS SOBRE O TORQUES DE VILAS BOAS

O torques de Vilas Boas custódíase actualmente no *Museu Nacional de Arqueologia*, en Lisboa, onde, atendendo á bibliografía dispoñíbel, figura depositado co número de inventario 567 (PARREIRA e PINTO, 1980: 17, n.º 132).

A pesar de termos tentado estudar e analizar directamente este exemplar, todas as xestións realizadas nesta dirección perante a mentada institución acabaron por resultar infructuosas. Infelizmente e a pesar de que son maioría os museos que facilitan o acceso ao estudo dos seus fondos por parte de investigadores credenciados, tal e como

determinados autores teñen asinalado (MARTINS, 1996: 8; BALSEIRO, 1999: 21-22), en algúns casos moi específicos non se dan as necesarias condicións de accesibilidade.

O torques de Vilas Boas ten sido descrito pormenorizadamente en inúmeros traballos ao longo das últimas cinco décadas, ben de xeito monográfico, ben no ámbito de estudos mais amplos: MACHADO, 1965a, 1965b: 310 e 1965c; SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1965; SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1966; SILVA, 1986: 249-250, n.º 498; CASTRO, 1990: 164-168; LADRA, 2002: 117-121, n.º 35; SILVA, 2011: 104-105, etc.

Non iremos describir agora novamente o torques das Tamancas, remitindo ao lector para a bibliografía referida e indicando apenas que se trata de un colar rixido feito en ouro, profusamente decorado, con varela oca de sección cadrangular, rematado en dous terminais tamén ocos e do tipo xeralmente denominado «duploescócico».

Atendendo a dúas das mais coherentes propostas de clasificación tipolóxica para os torques protohistóricos do Noroeste, poderíamos encadrar este exemplar como sendo un exemplar do Tipo D2 (SILVA, 1986: 249-250, n.º 498) ou do Tipo E, que inclúe o Morfotipo E2b (PÉREZ OUTEIRIÑO, 1990: 145).


Desta volta queremos ofrecer como novidade aos lectores unha ampla serie de imaxes e documentos orixinais inéditos para este torques, a maior parte deles producidos na altura en que a peza foi descuberta. As referidas fontes fóronnos facilitadas amablemente polo *Centro de Memória* da Torre de Moncorvo, institución á que queremos agradecer publicamente a súa colaboración e profesionalismo no empeño por divulgar e valorizar a existencia dun patrimonio documental e fotográfico excepcional.

Con posterioridade á data inicial da publicación do torques de Vilas Boas (MACHADO, 1965a) teñen sido lexión os autores que, con maior ou menor acerto, escribiran sobre el. Por desgraza, a maior parte deles nunca chegaron a observar de maneira directa e pormenorizada este singular elemento. Vexamos apenas uns poucos exemplos comentados, seguindo tendencialmente a orde cronolóxica da súa aparición.

João L. Saavedra Machado, que no momento da descuberta era funcionario do *Museu Etnológico do Dr. Leite de Vasconcelos*, en Lisboa, pasa por ser o primeiro autor que publicou un artigo sobre o torques das Tamancas. Nese texto, infórmanos de que a peza tiña sofrido previamente algúns golpes e deformacións, así como unha soldadura «recente». Asemade, o ensaio visual ao que o torques foi sometido na *Casa da Moeda*, puxo de manifesto o seu toque do ouro, correspondendo a un teor de 0,780 e a unha proporción das ligas de 9 para 1, en prata e cobre. Este autor suxere a posibilidade de o local do achado ter sido unha necrópole, ao tempo que salienta o carácter simétrico da decoración da varela e interpreta os ornitomorfos dos terminais, seguindo a Déchelette, como elementos de carácter votivo (MACHADO, 1965a: 314-316).

Nese mesmo ano, o citado autor tamén publicará dúas breves noticias mais sobre o torques de Vilas Boas. Na primeira delas informa da adquisición oficial do colar por parte do referido museo, indicando que, en opinión de García y Bellido, estaríamos perante «*la pieza más importante de las que hasta ahora se han encontrado en la Península [Ibérica]*» (MACHADO, 1965b: 310). Na outra, o torques é dado a coñecer internacionalmente ao ser publicada unha breve reseña do seu primeiro artigo no *Archivo Español de Arqueología* (MACHADO, 1965c).

O segundo traballo aprofundado sobre o torques de Vilas Boas foi asinado polo profesor da Facultade de Ciéncias da Universidade do Porto, Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior e polo seu asistente, o licenciado Osvaldo da Silva Freire. Neste caso, e a diferenza do



Figs. 4 e 5 – Dous dos bocetos do torques das Tamancas, realizados en 1965. Imaxes inéditas cedidas polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).

acontecido no artigo anteriormente tratado, os autores relatan pormenorizadamente as dúas versións que coñeceron para as circunstancias en que se produciu o achado, así como o feito de teren encetado e posteriormente abandonado unha actuación arqueolóxica no sitio da súa descuberta. Outros pormenores importantes en relación coa historia do torques sonnos alí revelados: así, por exemplo, sabemos que perante o risco inminente de quebra da haste, o colar foi levado por Santos Júnior a un ourive de Mirandela, que procedeu a soldala para lle garantir unha maior estabilidade. Por outra banda, foi neses momentos cando a peza foi debuxada e fotografada por vez primeira.

Os devanditos autores procederon a unha exploración sumaria do Cabeço de Nossa Senhora da Assunção, chegando á conclusión de que se trataba dun castro, con murallas e terrapléns, e que o achado debía ser interpretado como un acobillo ou «esconderijo». Non propoñen unha datación

relativa para este depósito, que podería ser coetánea da fase de ocupación do poboado, ou posterior ao seu abandono. Describen o torques con moito pormenor formal e ornamental, propondo para a súa elaboración unha cronoloxía prerromana, nos séculos II-I a.n.e. Cualificano como «o mais belo de quantos torques se coñecem na Península Ibérica e fora dela» (SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1965).

No ano seguinte ao do referido texto, os mesmos autores dan a lume un novo artigo nas *Actas do IV Colóquio Portuense de Arqueologia*, publicadas no quinto volume da revista *Lycerna*. Desta volta, repeten case que ao milímetro as palabras do texto que anteriormente publicaran na *Revista de Guimarães*, aínda que tamén introducen algunhas interesantes consideracións. Así, por exemplo, agora lanzan unha suxerente proposta, a

«de que o torques tenha vindo de qualquer ponto cimeiro da encosta onde, como já dissemos, existe um castro (...)». O feito de que esta zona tivese sofrido fortes treboadas, co conseguente arrastre de sedimentos superficiais, leva aos autores a argumentar a dita proposta: «Em face do volume das enxurradas referidas (...) a sua impetuosidade, inerente ao pendor da encosta, bem podia ter escavado o torques da sua jazida e tê-lo carreado para a base do cabeço onde foi encontrado» (SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1966: 446-447). A seguir ao seu texto foi incluído o resumo da intervención de Mário Cardozo no referido congreso, quen se referiu ao torques como «o mais belo de quantos existem no noso país».

Na nosa opinión, e unha vez realizadas diversas visitas ao lugar do achado e ao Cabeço de Nossa Senhora da Assunção, a possibilidade de unha deposición secundaria do torques, motivada polas devanditas causas postdeposicionais, antóllasenos dificilmente críbel, pois a distancia que separaría o punto de orixe do de destino é moi significativa, ao

Fig. 6 – Pormenor de un dos remates do torques das Tamancas. Fotografía orixinal de Santos Júnior. Imaxe inédita cedida polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).



mesmo tempo que o percurso lóxico das enxurradas de sedimentos polo monte abaixo se vería dificultado por varios accidentes topográficos que tornarían pouco axeitado o sitio da descuberta como final do suposto traxecto.

Poucos anos despois, o achado de Vilas Boas sería puntualmente incluído no marco de unha monografía publicada polo Instituto Arqueolóxico Alemán (RADDATZ, 1969:197, n.º 39), promovéndose así o seu coñecemento en ámbitos extrapeninsulares.

En 1980 o arqueólogo Bieito Pérez Outeiriño publicou un interesante artigo sobre os ornitomorfos na ourivaría castrexa. Nese texto, o devandito autor refere o caso do torques de Vilas Boas, estando os paralelos mais acaídos para os seus ornitomorfos en vulto redondo na arrecada de Vilar de Santos (Ourense) e na diadema do Castro de Elviña (A Coruña). Sobre a presenza de ornitomorfos noutros colares ríxidos, o autor indica unha representación impresa sobre un fragmento da haste dun torques da *Colección Álvaro Gil*, no *Museo Provincial de Lugo* (PÉREZ, 1980: 15-16).

O tema das representacións de motivos ornitomórficos na cultura material do Noroeste durante a Protohistoria ten sido obxecto de diversos traballos, que sempre incluíron o torques de Vilas Boas como exemplo paradigmático. Vexamos algunhas referencias.

Os principais paralelos extrapeninsulares procurados para os ornitomorfos do torques de Vilas Boas procederon tradicionalmente da área etrusca e da rexión francesa da Champagne. No primeiro caso, pódese destacar a fíbula en ouro da necrópole de Marsiliana d'Albegna, atribuída ao segundo cuarto do s. VII a.n.e. e que amosa unha fila de parrulos en vulto redondo, ou o colar artellado de Vulci, datado á volta do ano 500 a.n.e. (CRISTOFANI e MARTELLI, 2000: 109, n.º 50 e 172, n.º 55). Para a Champagne francesa coñécense unha ducia de torques con ornitomorfos, todos eles datábeis no período sidérico convencionalmente denominado La Tène I (PÉREZ, 1980: 15-16).

Retornando agora ao Noroeste da Península Ibérica, convén destacar a recente publicación dun fragmento de fíbula en bronce na que se documenta a presenza de unha ave acuática en vulto redondo no interior de un terminal que garda moi estreitas semellanzas na súa concepción formal co do torques de Vilas Boas. O autor, seguindo as propostas clásicas de Cuevillas, defende para esta peza unha datación á volta dos séculos IV-II a.n.e. (FERNÁNDEZ, 2003: 144, 151 e 153).

Armando Coelho Ferreira da Silva interpreta o torques de Vilas Boas como un elemento claramente sinalizador das relacións e dos contactos que existiron entre as zonas interiores e litorais da Cultura Castrexa, atendendo principalmente aos seus motivos e ás técnicas decorativas, que se encontrarían asociados simultaneamente nos exemplares de remates campanulares ou en urna, típicos da rexión costeira. Asemade, este autor opina que o torques de Vilas Boas «*manifesta bem a mais perfeita assimilação das novidades técnicas e estéticas por parte dos ourives locais, colocando-nos já no limiar das últimas produções imediatamente pré-romanas*», ao tempo que o atribúe á súa Fase II, datada entre os séculos V e II a.n.e. (SILVA, 1986: 237).

Nas dúas últimas décadas teñen sido varios os autores que puntualmente se ocuparon do torques de Vilas Boas, algún deles aportando certas consideracións de grande interese. Así, por exemplo, Ladislao Castro comezou por destacar especialmente as influencias mediteránicas na concepción tecnolóxico-ornamental da peza (CASTRO, 1990: 164-168), para posteriormente indicar que este torques «*reúne los rasgos característicos de muchas joyas orientalizantes de la Península [Ibérica]*» e que até «*parece la obra de un taller o artesano colonial*» (CASTRO, 1995a: 139 e 1995b: 382). Por vez primeira é así defendida a



Fig. 7 – Pormenor da decoración da varela do torques, fotografada en 1965 por Santos Júnior. Imaxe inédita cedida polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).

posibilidade de que un ourive de filiación meridional ou oriental, alleo aos obradoiros autóctonos, teña realizado esta peza a partir de unha eventual encomenda xurdida das elites locais, ao tempo que se propón unha adscripción cronolóxica mais recuada, agora por volta dos séculos VII-VI a.n.e., atendendo ás súas características tecnolóxicas e ornamentais, así como a varias concomitancias extrapeninsulares.

Por outra banda, existen estudos e publicacións recentes sobre a ourivaría antiga nos que aparece o torques de Vilas Boas, aínda que non se aportan novos datos e as caracterizacións do mesmo resultan manifestamente reiterativas e, por veces, mesmo diverxentes entre si (MARTINS, 1996: 19, ficha n.º 7 e Est. XIV; PRIETO, 1996: 221, n.º 53; ARMBRUSTER & PEREA, 2000: 101; LADRA, 2002: 117-121 e 2009: 228-229; SILVA, 2011: 104-111).

En relación coa proposta de interpretar o torques como un «*seguro colectivo ante situaciones de incertidumbre de una sociedad campesina en un mundo fragmentado*» (ARMBRUSTER & PEREA, 2000: 101), pensamos que a argumentación destas autoras, para alén de ser mimética a respecto de outros estudos referidos a contextos extrapeninsulares, pasa por ser manifestamente ambigua e insuficiente no contexto do Noroeste. Este suposto *colectivismo* na propiedade e no uso simbólico, non se corresponde en absoluto nen coa dinámica interna das comunidades galaicas, nen coa plástica autóctona, fenómenos ambos ben documentados arqueoloxicamente e nos que podemos observar fortes asimetrías sociais que indican a existencia de privilexios sobre as bases distintivas do xénero, da idade e das funcións intracomunitarias.

A comezos da década pasada realizouse no *Museo Arqueológico Nacional* de Madrid unha exposición temporal baixo o significativo título «*Torques: belleza y poder*» (VV. AA., 2002). Esta mostra supuxo un importante esforzo por parte de moitas institucións públicas e privadas, que cederon parte dos seus fondos para poderen axuntar nun mesmo lugar e de maneira simultánea os exemplares máis significativos de colares ríxidos metálicos da Europa Occidental. Paradoxalmente e malia o feito de estaren presentes nesta mostra diversas pezas procedentes de Portugal, o torques de Vilas Boas destacou ostensiblemente pola súa ausencia.

Mais recentemente, a investigadora do CSIC Alicia Perea, cualificou o exemplar das Tamancas como «*torques transgresor*» por contraposición a outros que designou como «*torques canónicos*». Na súa opinión, xa anteriormente expresada por outros autores, a datación para este exemplar transmontano debería ser posterior á segunda metade do século III a.n.e. Curiosamente, a referida autora manifesta unha certa contradición cando

primeiramente defende no seu traballo que «*el torques no lo ostenta y exhibe una persona como su riqueza personal, sino que se entierra y oculta en el entorno del castro, probablemente como sanción de transacciones políticas intergrupales*» para logo defender exactamente o contrario, pois, segundo ela, «*los torques transgresores, con su barroquismo y excentricidad, están hechos para ser vistos y admirados por fuera*» (PEREA, 2003: 148). Non entendemos moi ben cómo é posíbel enterrar deliberadamente unha cousa, isto é, ocultala á vista das xentes, cando supostamente ese mesmo elemento foi feito para ser «*visto y exhibido*» públicamente. Sexa como for, estas e outras aventuradas hipóteses da autora relativas á ourivesaría galaica teñen sido acertadamente criticadas con unha moi boa base argumental, entre outros, por González Ruibal (2006-2007: 425 e 427-428), de cuxo traballo trataremos de seguido.

Unha das publicacións recentes mais senlleiras sobre a nosa Protohistoria é a monografía *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. – 50 d.C.*, obra do arqueólogo Alfredo González Ruibal (2006-2007). No apartado referido ás tecnoloxías do corpo, ofrécense diversas consideracións que, na nosa opinión, constitúen unha acertada e orixinal posta ao día da denominada «ourivaría castrexa». Así, por exemplo, revísase un amplo abano de cuestións, entre as que podemos referir o debate sobre as cronoloxías, as tipoloxías, a etnicidade, a tecnoloxía, a confluencia de influxos culturais, os sistemas ponderais ou o papel da cultura material no campo da negociación social. Segundo este autor, o torques crea o corpo do guerreiro, ao tempo que a ourivesaría da Idade do Ferro transmite claramente, a partir de tipoloxías identificábeis visualmente, mensaxes clasificatorias verbo de aspectos tan importantes como o estatus, o xénero ou a identidade grupal do portador (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 419-429).

Rematamos este apartado do noso traballo coa mais recente referencia específica ao torques de Vilas Boas. Trátase da exposición temporal intitulada «*Ordo Zoelarum. Arqueología e Identidade do Nordeste de Portugal*». A mostra, realizada no *Museu do Abade de Baçal*, sito en Bragança, reuniu baixo o comisariado expositivo do profesor Armando Coelho Ferreira da Silva un magnífico conxunto de materiais arqueolóxicos especialmente relacionados coa protohistoria transmontana. Paradoxalmente, o torques de Vilas Boas aparecía como reclamo visual no cartaz e no catálogo da exposición, aínda que na mesma apenas figuraba unha pequena serie de fotografías alusivas ao mesmo. Porén, no catálogo que vén de ser publicado levouse a cabo unha nova e pormenorizada descrición desta peza (SILVA, 2011: 104-105).

REVISITANDO O SÉCULO PASADO: AS CIRCUNSTANCIAS DO ACHADO.

De todos é ben sabido que a maioría dos torques descubertos no Noroeste da Península Ibérica foron recuperados accidentalmente no decurso de traballos agrícolas. As historias e avatares que normalmente envolven estes achados casuais serían mais que suficientes para escribir unha ampla monografía. No caso do torques das Tamancas, tamén nos atopamos perante a mesma situación, pois foi asoellado en terrenos sometidos a cultivo.

Existen varias versións sobre as circunstancias específicas nas que foi achado o torques de Vilas Boas, sendo as mais coñecidas as dúas que publicaron conxuntamente Santos Júnior e Osvaldo Freire, os primeiros investigadores que viron e analizaron esta peza. Segundo estes autores, que se desprazaron até o lugar do achado e realizaron inquéritos específicos entre a poboación local, dous eran os homes que reclamaban, con diferentes argumentos, o privilexio da descuberta, aínda que en predios diferentes e

contíguos un do outro (SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1965: 137-142). Sexa como for e malia o feito de que probabelmente nunca saberemos cal foi a verdadeira historia do achado, pensamos que vale a pena aportar novas fontes sobre esta cuestión. Vaíamos por partes.

O sitio en que se produciu a descuberta do torques de Vilas Boas aínda hoxe é designado co microtopónimo de *As Tamancas* e a data da súa exhumación é sempre referida como tendo sido no mes de Abril de 1965.

João L. Saavedra Machado, funcionario do antigo *Museu Etnológico do Dr. Leite de Vasconcelos* na altura en que se produciu o achado, foi o primeiro en dalo a coñecer desde Lisboa (MACHADO, 1965: 313):

Em Abril do corrente ano [1965], quando o agricultor José Dionísio procedia ao amanho da terra para plantar umas oliveiras numa propriedade de seu filho Reinaldo José Dionísio, situada junto do santuário de Nossa Senhora da Assunção, na freguesia de Vilas Boas, do concelho de Vila Flor de Trás-os-Montes, o arado pôs a descoberto uma verdadeira preciosidade de aurifex que, depois de correr mãos de ourives e intermediários, foi acidentalmente, para classificação e avaliação, apresentada ao A.

Posteriormente, contamos coas dúas versións recollidas por Santos Júnior e Osvaldo Freire que, como xa referimos, se desprazaron *ex profeso* até o local da descuberta. Vexamos ambas por separado (SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1965: 139-140).

Versión primeira:

O torques apareceu num campo de lavradio, no sítio das Tamancas, uma baixa na base da vertente Sul do Monte da Senhora da Assunção do Cabeço (...). Segundo informou o Sr. José Dionísio, possuidor do torques, um dia antes da Semana Santa, abriu uma cova para plantar uma estaca de oliveira numa sua propriedade, denominada As Tamancas, que toma o nome do sítio. Coisa de uns 10 dias depois veio a lavar o chão onde havia plantado a estaca. A lavragem trouxe à superfície o torques, a que não atribuiu grande valia. Supô-lo de lata, 'a modo dum castiçal para duas velas', e deu-o à filha, que o foi pôr em cima da parede de vedação do prédio. Ali ficou 'aquela lata' dum dia para o outro. Ao outro dia a filha levou o torques para casa, foi mostrá-lo ao abade da freguesia e a mais pessoas, entre elas a um estudante da Universidade de Coimbra. Este considerou a peça de interesse arqueológico e, na Quinta-Feira Santa, levou-a à Câmara Municipal. Foi assim que o Sr. José Dionísio contou o achado que fez nas Tamancas e o modo como o torques foi levado à Câmara.

Versión segunda:

Outra versão do achado é a seguinte: o Sr. Joaquim da Silva Amaral, jornaleiro ao serviço da Sra. Cândida Ferreira, informou que em princípios de Março foi lavar a 'terra das Tamancas'. Eis como este jornaleiro nos referiu as condições do achado: Ao lavar a 'terra das Tamancas' notou que 'aquele objecto foi de roxo uns 4 ou 5 metros na frente da roda da charrua'. Atentou nele e parou a junta. 'Pareceu-lhe uma coisa de cemitério, uma coisa de nojo', tanto que afirmou: 'Nem lhe pus as mãos; arrumei-o para o lado com a aguilhada'.




Fig. 8 – Encadramento do lugar do achado e localización na Carta Militar de Portugal a escala orixinal 1:25.000.




Fig 9 – Apontamentos de Santos Júnior relativos á descoberta do torques de Vilas Boas.
Imaxes inéditas cedidas polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo
(Fundo Professor Santos Júnior).

Como nota anecdótica, convén aínda referir que o mesmo Santos Júnior encetou unhas sondaxes no local do achado identificado na primeira versión, abandonando os labores de escavación ao ter logo coñecimento da segunda versión, posto que esta difería da primeira no relativo ao punto exacto onde se tiña producido a descuberta.

Nun dos cadernos de campo de Santos Júnior, depositado no *Centro de Memória* da Torre de Moncorvo, aínda se poden ler claramente as anotacións que tomou este investigador durante a súa estada en Vila Flor. A primeira das dúas versións xa indicadas foi recollida o día 22 de Abril de 1965 dos beizos do Sr. José Dionísio e a segunda o día seguinte, de labios do Sr. Joaquim Amaral.

Perante a imposibilidade de dilucidar a partir da bibliografía referida e dos documentos inéditos que agora vimos de presentar, cal foi a verdadeira historia das circunstancias da descuberta, decidimos visitar o lugar do achado e realizar dous novos inquéritos, acompañados polo antropólogo Valdemar Pinho: un ao fillo do arqueólogo Santos Júnior e outro ao actual garda do santuário de Nossa Senhora da Assunção. Pensamos que resulta moi interesante rexistrar os matices que a memoria oral aínda viva ten introducido verbo das narrativas anteriores ao longo dos anos entretanto transcorridos.

O Sr. Joaquim Norberto Campos Rodrigues Santos, fillo do benemérito arqueólogo Santos Júnior, ofreceunos unha ampla declaración, da que podemos extraer o seguinte:



Figs. 10 e 11 – O Cabeço visto desde As Tamancas: de Santos Júnior (1965) e do autor (2011).

Andava um homem, um lavrador, a lavar um terreno. Andava a lavar um terreno com um arado de pau (...) e às tantas engancha-se um raio de um ferro, um ferro redondo, na ponta do arado. Andou ali [o torques] um bocado à deriva (...). E pega no ferro (...) E atirou com o ferro contra o término do terreno (...): uma paredita baixinha e tal. Ele [o achador] tinha lá dois filhitos que viram atirar o ferro e (...) foram buscar o ferro (...). Andavam a brincar. O ferro estava cheio de terra (...) e eles, a brincar a brincar (...), a terra foi saindo.

Por sua vez, o Sr. Mário Augusto de Oliveira, natural da freguesia de Vilas Boas e actual guarda do santuario de Nossa Senhora da Assunção, afirmou que:

(...) andava um lavrador a lavar e [ele] agarrou e tirou aquilo [o torques] da charrua (...). E o homem que não sabia o que era e que agarrou com a vara de andar a tocar as crias, agarrou com ela e... Tuca! (...) Atirou com aquilo para o prédio de outro ali pegado. E então, o que é que acontece? O outro, quando foi para lavar, foi mais esperto do que ele: viu aquilo no cimo da terra (...) deitou-lhe as mãos a limpar aquilo e foi ver... E era aquilo!

Por sorte para todos e malia os inúmeros avatares e peripecias que inicialmente sofreu o torques das Tamancas, ao final fuxiu do cruxol e acabou no actual *Museu Nacional de Arqueologia*, onde ainda hoje se encontra. Con posterioridade ao achado e à recuperação do torques, João L. Saavedra Machado apresentou oficialmente perante a comunidade científica, com unha conferencia pronunciada no *Instituto Português de Arqueologia, História e Etnografia* o 22 de Maio de 1965. Por sua vez, Santos Júnior e Osvaldo Freire facían o mesmo, com unha comunicacón apresentada ao *IV Colóquio Portuense de Arqueologia*, que decorreu entre os dias 4 e 6 de Xuño dese mesmo ano.



Fig. 12 – O Cabeço de Nossa Senhora da Assunção visto desde o Sul.
Fotografia: Lois Ladra (2011).

Esta última presentación sería posteriormente publicada na *Revista de Guimarães*, tal como refere quen era considerado o maior especialista portugués en ourivaría antiga nesa época (CARDOZO, 1965: 157-158, nota 10).

AS TAMANCAS E O CABEÇO DE NOSSA SENHORA DA ASSUNÇÃO.

Unha vez repasadas as supostas circunstancias do achado, pensamos que debemos proceder a unha resumida análise das principais características dos dous sitios referidos por todos os investigadores –*As Tamancas* e o *Cabeço de Nossa Senhora da Assunção*– así como dos restos materiais entretanto neles identificados. Ambos lugares teñen sido considerados como sitios arqueolóxicos diferentes, sendo que *O Cabeço* é referido por todos os autores que o visitaron como un castro amurallado ou povoado fortificado en altura, datábel na Segunda Idade do Ferro. Alguns até afirman que existen vestixios de ter sido posteriormente romanizado (LEMOS, 1993: 406-407, n.º 773).

Que saibamos, no *Cabeço* nunca se realizaron escavacións arqueolóxicas controladas e os seus perfís orixinais aparecen hoxe en día significativamente alterados pola presenza do santuario de *Nossa Senhora da Assunção*. Mesmo así, os investigadores referen a presenza de muralla, terraplén, abondosas escorias e cerámicas micáceas feitas a man, da Idade de Ferro (SANTOS JÚNIOR, 1975: 484 e LEMOS, 1993: 406).

Nunha das ladeiras deste monte apareceu o 13 de Xuño de 1967 un verraco ou *berrão* en granito, datábel na Segunda Idade do Ferro. Até mediados do pasado século esta escultura atopábase enteira, tendo sofrido posteriormente divesos avatares que a fragmentaron en cinco partes desiguais, para acabar por ser restaurada e conducida ás instalacións museolóxicas municipais de Vila Flor (SANTOS JÚNIOR, 1975: 484-486), onde puidemos comprobar que hoxe se atopa.

Así pois, en resumidas contas, podemos afirmar que o actual *Cabeço de Nossa Senhora da Assunção* corresponde a un castro ou povoado fortificado en altura, probabelmente datábel, cando menos, na Idade do Ferro.

En relación co sitio arqueolóxico designado como *As Tamancas*, moi próximo do anterior, aínda que con una implantación topográfica completamente diferente e onde apareceu en Marzo de 1965 o torques obxecto deste traballo, *a priori* estaríamos perante outra situación



Fig. 13 – Ortofoto antiga do Cabeço de Nossa Senhora da Assunção.

ben diferente. João L. Saavedra (1965) suxere que se trata de unha eventual necrópole, seguramente vencellada ao referido castro do Cabeço. Sande Lemos (1993), por sua vez, defende a hipótese de que no período romano os habitantes do dito castro terían mudado o asentamento en altura por outro de media ladeira, coincidente con *As Tamancas*. A pesar de termos inspeccionado o lugar, non conseguimos certificar a presenza de material arqueolóxico algún en superficie. Sexa como for e á espera de futuras e desexábeis intervencións esclarecedoras, cómpre salientar que Sande Lemos (1993: 406-407) clasifica o sitio de *As Tamancas* como «povoado romano», ao tempo que os ficheiros on-line do IGESPAR (*Instituto de Gestão do Património Arquitectónico e Arqueológico*) indican que alí foi identificada a presenza de algúns fragmentos de *tegulae* romanas.

ALGUNHAS NOTAS ETNOLÓXICAS DO CABEÇO DE N.^ªS.^ª DA ASSUNÇÃO.

Unha das cuestións que curiosamente aínda non foron destacadas por parte da maior parte dos investigadores que se teñen debruizado no estudo do torques das Tamancas é o do contexto etnolóxico moderno da contorna do seu local de achado. Así, por ofrecer un exemplo ilustrativo, Armando Coelho refere apenas que o torques foi encontrado «na base da vertente Sul do Monte ou Cabeço da Senhora da Assunção, onde existe un castro» (SILVA, 2007: 352-353, n.º 509).

O cume do monte de Nossa Senhora da Assunção serviu de lugar para a implantación de un povoado protohistórico que amosa as características típicas dun castro da Segunda Idade do Ferro: localización topograficamente destacada, presenza de dispositivos defensivos con carácter monumental, amplo dominio visual sobre a contorna, control



Fig. 14 – Visita do arqueólogo Santos Júnior ao lugar de As Tamancas en Marzo de 1965. Imaxe inédita cedida polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).

estratéxico das terras férteis do val e das vías naturais de tránsito... Infelizmente, como xa antes indicamos, o povoado aínda non foi obxecto de intervención arqueolóxica, co cal ignoramos a súa adscrición cronocultural precisa, sendo posíbel que as súas orixes remonten aos finais da Idade do Bronce ou mesmo a momentos aínda máis recuados no tempo.

No entanto, neste mesmo outeiro, localmente designado como *O Cabeço*, tamén existe constancia, cando menos desde o século XVI (LEITE, 2011: 10), da existencia de unha capela adicada ao culto de Nosa Señora da Asunción. O santuario conta, para alén do xa referido templo, con un cruceiro, unha fonte e varias historias de curacións e milagres.

As lendas populares referen para este lugar diversas aparicións da Virxe María e mesmo a lenda dun carro de bois portador de unha imaxe divina, que teimou en subir ao *Cabeço*, de maneira semellante a como fixeron en Compostela os lendarios bois da Raíña Lupa.

No santuario da Assunção celébranse anualmente tres festividades cíclicas: a Solenidade da Ascensión do Señor (Maio), a *Festa Grande de Nossa Senhora* (15 de Agosto) e a Festa de Santa Eufemia (Setembro). Sen dúbida algunha, a segunda é a máis importante de todas elas e a que atrae aínda hoxe un maior número de romeiros.

Nos inquéritos orais que realizamos entre a poboación local, as opinións foron unánimes ao se referiren a esta capela-santuario como sendo o maior centro de peregrinación de toda a rexión de Trás-os-Montes. A grande romaría pódese aprezoar en toda a súa intensidade e grandeza no día 15 de Agosto, cando milleiros de peregrinos, fieis e devotos, acoden a este monte desde os máis diversos lugares da xeografía transmontana e altoduriense. Para calquer leigo resulta impresionante o espectáculo nocturno do *Cabeço* iluminado por centenas de luces cintilantes que fan lembrar un formigueiro humano en febril ebulición.

O cancionero popular transmontano recolle este carácter masivo da peregrinación con estrofes como a seguinte (SANTOS JÚNIOR, 1977: 96):

*Minha Virgem d'Assunção,
Que estais lá no cabecinho,
Que dais aos vossos romeiros
Que não cabem no caminho?*



Fig. 15 – Acceso principal ao actual Santuário de Nossa Senhora da Assunção.
Foto: Lois Ladra (2011).

Outra maneira de expresar a condición de centralidade simbólica do Cabeço pódese apreciar no ditado: «*Se todos os caminhos do mundo vão dar a Roma e os da Europa a São Tiago, todos os caminhos de Trás-os-Montes vão dar ao Santuário de Nossa Senhora da Assunção*» (LEITE, 2010: 30). Así pois, non cabe dúbida de que estamos perante un local dotado de unha especial significación sagrada e que desde hai xa varios séculos funciona como referente simbólico agregador das comunidades rexionais.

Para moitos portugueses, a Virxe da Asunción presenta aínda unhas connotacións de cariz marcadamente profiláctico e apotropaico, ben visíbeis nestas cantigas locais:

*Glória à Virgem do Cabeço!
À Senhora da Assunção!
Mãe querida, mãe divina!
Padroeira da Nação!*

Por outro lado, ao pé do santuario resulta frecuente nesta data ver aos peregrinos mais devotos cumprindo promesas dando voltas axeonllados, ofrecendo exvotos de cera, rezando oracións, etc.

A importancia local e rexional desta verdadeira *colina sagrada* tamén se puxo de manifesto no momento en que os dous supostos achadores do torques das Tamancas discutiron perante o arqueólogo Santos Júnior para defenderen cadansua versión do achado. Así, por exemplo, mentres o Sr. José Dionísio recorreu ás Sagradas Escrituras como proba da autenticidade das súas declaracións, o Sr. Joaquim da Silva Amaral tentou impresionar ao esgrevio polígrafo lusitano da seguinte maneira (SANTOS JÚNIOR e FREIRE, 1965: 141):

(...) para reforçar categoricamente aquilo que contava quanto ao aparecemento do torques levado de roxo diante da charrua com que lavrava a terra das Tamancas, tirou o chapéu e, voltado para o alto do cabeço onde se ergue a bela igreja de Nossa Senhora da Assunção, numa atitude espectacular de impressionante vibração, afirmou, quase gritando: 'Se eu não vi isto como digo, que Nossa Senhora da Assunção me tolha de pés e mãos e ainda eu estoire aqui como um boneco!'

O *Cabeço* destácase na paisaxe como un marco de referencia, ben visíbel desde longas distancias. Asemade, en toda a rexión transmontana, o mesmo que acontece no Minho, na Galiza e nas Asturias, son multitude as historias referidas ás mouras, aos encantos e aos tesouros dos mouros, non faltando estas narrativas de tradición oral no concello de Vila Flor, ao cal pertence a freguesia de Vilas Boas (PARAFITA, 2006: 343-353).

PERSPECTIVAS DE FUTURO.

En primeiro lugar, penso que á hora de estudar calquer elemento da denominada *ourivaría castrexa* previamente publicado é necesario non só consultar a bibliografía dispoñíbel, senón tamén acudir a todos os lugares que foron representativos para a súa biografía. Estes lugares poden ser tanto físicos como simbólicos. No caso que nos ocupa, visitamos o sitio onde se produciu o achado e a súa contorna (*As Tamancas e O Cabeço*), as institucións nas que actualmente se expoñen os materiais arqueolóxicos (*Museu Nacional de Arqueología e Museu Municipal de Vila Flor*), os arquivos que custodian documentos gráficos e textuais relacionados (*Centro de Memória* da Torre de Moncorvo) e a memoria das persoas que aínda se lembran con maior ou menor lucidez do achado (o fillo de un dos arqueólogos que publicaron o torques e o actual garda do santuario de Vilas Boas).

Aínda son moi numerosas as institucións públicas e privadas nas que se custodian fondos fotográficos e documentais descoñecidos pola maior parte dos investigadores. Estes fondos resultan en moitas ocasións de enorme interese para unha axeitada contextualización das circunstancias en que foron recuperados os achados arqueolóxicos antigos, así como para comprender os complexos procesos que permitiron a súa salvagarda para a sociedade actual e as xeracións vindeiras. No ámbito da ourivesaría proto-histórica noroccidental, determinados estudos teñen vindo a demostrar que a revisión directa das pezas e da documentación a elas asociada pode fornecer novos elementos que permitan entender mellor certos aspectos xerais ou particulares das mesmas (LADRA, 1999; GARCÍA e ARMADA, 2003).

No caso que nos ocupa, e perante a imposibilidade de termos estudado directamente o torques das Tamancas no *Museu Nacional de Arqueología* de Lisboa, o *Centro de Memória* do concello transmontano da Torre de Moncorvo disponibilizounos con admirábel simpatía e profesionalismo unha ampla serie de valiosísimas informacións inéditas, parte das cauais aparecen recollidas neste traballo. O patrimonio arqueolóxico conservado nas institucións públicas debe ser accesíbel aos investigadores acreditados, sempre que as condicións de seguridade e integridade das pezas sexan previamente garantidas. As dificultades no acceso ao estudo directo dos elementos de ourivesaría teñen sido asinaladas por varios autores como un dos principais obstáculos para o desexábel e saudábel progreso na investigación (MARTINS, 1996 e BALSEIRO, 1999).

Perante a ausencia de un contexto estratigráfico preciso para o torques das Tamancas, foi necesario facer unha análise pormenorizada da significación historiográfica deste colar rixido metálico que, non en van, é considerado por moitos investigadores como o mais singular dos que até hoxe teñen sido recuperados no Noroeste da Península Ibérica. Porén, as orixes e as datacións que os diversos autores teñen proposto para este torques son demasiado heteroxéneas e precisamos de avanzar con firmeza e con novos datos para resolver esta e outras moitas incógnitas que aínda permanecen por resolver.

As análises arqueometalúrxicas publicadas para o torques de Vilas Boas resultan hoxe bastante antigas e obsoletas (HARTMANN, 1982), pois ofreceron resultados pouco significativos, que precisan de unha nova revisión, con métodos e técnicas mais modernos e actualizados. Asemade, a historia do achado do torques de Vilas Boas e a ampla bibliografía que dende aquela ten suscitado, fan necesaria a realización de actuacións arqueolóxicas programadas e controladas no sitio no que supostamente se produciu a súa descuberta casual, co obxectivo de poder caracterizalo axeitadamente en termos de cronoloxías de orixe, ocupación e abandono. Facemos votos para que así sexa e para que poidamos celebrar o cincuenta aniversario da descuberta do torques das Tamancas con mais luces que sombras.



Fig. 16 – Santos Júnior nun xantar popular en Mindelo (1961) catro anos antes da descuberta do torques. Imaxe inédita cedida polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).

BIBLIOGRAFIA

- ARMBRUSTER, Barbara e PEREA, Alicia (2000): «Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia», *Trabajos de Prehistoria*, 57 (1): 97-114.
- BALSEIRO, Aurelia (1999): «Problemática del estudio de la orfebrería prehistórica del noroeste peninsular», en Rodrigo de Balbín & Primitiva Bueno (Eds.), *II Congreso de Arqueología Peninsular*, tomo III – Primer Milenio y Metodología, pp. 19-23. Fundación «Rei Afonso Henriques», Serie Actas.
- CARDOZO, Mário (1965): «A perda frecuente de espécimes preciosos da nossa joalharía arcaica», *Revista de Guimarães*, LXXV (1-4): 153-168.
- CASTRO, Ladislao (1990): *Os torques prehistóricos*. Santiago de Compostela, USC, Col. «Biblioteca de Divulgación», n.º 5.
- CASTRO, Ladislao (1995a): «Una interpretación de la orfebrería castreña», en *Arqueoloxía e arte na Galicia prehistórica e romana*, pp. 123-145. A Coruña, Museu Arqueolóxico e Histórico, Serie Monografías, n.º 7.

- CASTRO, Ladislao (1995b): «Aportaciones púnicas a la orfebrería castreña», en Manuel Molina Martos, Jesús-Luís Cunchillos e Antonio González Blanco (Coords.), *El mundo púnico: historia, sociedad y cultura*, pp. 371-386. Murcia, Editora Regional.
- CRISTOFANI, Mauro e MARTELLI, Marina (2000): *L'Oro degli Etruschi*. Novara, Istituto Geografico De Agostini.
- ESTRAVIZ, Isaac Alonso (2011): *Santos Júnior e os intelectuais galegos. Epistolário*. Ponte-Caldelas, Fundação Meendinho.
- FERNÁNDEZ CARBALLO, Laureano (2003): «Achega ó estudo dos ornitomorfos acuáticos da Cultura Castrexa galaica: anaco de fíbula indixena ornado cun pato cullerete (*Anas clypeata*)», *Gallaecia*, 22: 143-155.
- GARCÍA VUELTA, Oscar e ARMADA PITA, Xosé Lois (2003): «Documentación y arqueología del oro castreño: acerca de F. Maciñeira y el torques de Capelada (San Xiao de Montoxo, Cedeira, A Coruña)», *Brigantium*, 14: 117-138.
- GONZÁLEZ RUIBAL, Alfredo (2006-2007): *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. – 50 d.C.)*. A Coruña, Museu Arqueolóxico e Histórico [Brigantium, 18-19].
- HARTMANN, Axel (1982): *Prähistorische Goldfunde aus Europa. Spektralanalytische untersuchungen und deren Auswertung*. Berlin, SAM n.º 5.
- LADRA, Lois (1999): «O torques do Agro da Matanza», *Boletín do Centro de Estudos Melidenses*, 12: 23-34.
- LADRA, Lois (2002): *Ourivesaria, Arqueologia e Paleoetnologia. A distribuição territorial dos torques áureos da Segunda Idade do Ferro do Noroeste peninsular e a sua relação com as unidades étnicas indígenas*. Porto, Faculdade de Letras da Universidade do Porto (Dissertação de Mestrado policopiada).
- LADRA, Lois (2009): «Generalidades e particularidades da ourivesaria castrexa transmontana: os torques flavienses», *Revista Aquae Flaviae*, 41: 219-236 [Actas do Congresso Transfronteiriço de Arqueologia, Montalegre, Outubro de 2008].
- LEITE, Joaquim da Assunção (2011): *A romaria do Cabeço*. Vila Flor, Associação de Desenvolvimento da Terra Quente.
- LEMONS, Francisco Sande (1993): *Povoamento romano de Trás-os-Montes Oriental*. Vol. II. Braga, Universidade do Minho (Tese de Doutoramento policopiada).
- MACHADO, João L. Saavedra (1965a): «O torques de ouro de Vilas Boas de Trás-os-Montes», *Ethnos*, 4: 313-318 + 6 Figs.
- MACHADO, João L. Saavedra (1965b): *Subsídios para a história do Museu Etnológico do Doutor Leite de Vasconcelos*. Lisboa, Ministério da Educação Nacional.
- MACHADO, João L. Saavedra (1965c): «Torques de ouro de Vilas Boas de Trás-os-Montes», *Archivo Español de Arqueología*, 38 (111-112): 75 + 2 Láms.
- MARTINS, Carla Maria Braz (1996): *A ourivesaria proto-histórica de Portugal. Influências mediterrânicas*. Tese de mestrado policopiada. Universidade do Porto.
- MARTINS, Carla Maria Braz (2008): *As influências mediterrânicas na ourivesaria proto-histórica de Portugal*. Barcelona, EDAR.
- PARAFITA, Alexandre (2006): *A mitologia dos mouros. Lendas, mitos, serpentes, tesouros*. 2.ª Ed. Canelas, Gailivro.
- PARREIRA, Rui e PINTO, Clara Vaz (1980): *Tesouros da Arqueologia Portuguesa no Museu Nacional de Arqueologia e Etnologia*. Lisboa, IPPC.
- PEREA, A. (2003): «Los torques castreños en perspectiva», *Brigantium*, 14: 139-149.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, Bieito (1980): «Os ornitomorfos no conxunto dos motivos decorativos da orfebrería castrexa», *Boletín Auriense*, X: 9-24.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, Bieito (1990): «Achega tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW», *Gallaecia*, 12: 139-151.
- PRIETO, Susana (1996): «Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica», *Complutum*, 7: 195-223.
- RADDATZ, Klaus (1969): *Die Schatzfunde der Iberischen Halbinsel*. 2 vols. Madrid, DAI, Col. «Madrider Forschungen», Band 5.
- SANTOS JÚNIOR, Joaquim Rodrigues dos (1975): «A Cultura dos Berrões no Nordeste de Portugal», *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 22 (4): 353-516 + LIII.

O TORQUES DE VILAS BOAS (VILA FLOR, BRAGANÇA, PORTUGAL)

- SANTOS JÚNIOR, Joaquim Rodrigues dos (1977): «A cultura dos cereais no leste transmotano», *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 23 (1): 41-159.
- SANTOS JÚNIOR, Joaquim Rodrigues dos e FREIRE, Osvaldo (1965): «O torques de ouro de Vilas Boas (Vila Flor)», *Revista de Guimarães*, 75 (1-4): 137-152 + 4 Figs.
- SANTOS JÚNIOR, Joaquim Rodrigues dos e FREIRE, Osvaldo (1966): «O torques de ouro de Vilas Boas (Vila Flor – Trás-os-Montes)», *Lucerna*, 5: 443-458.
- SILVA, Armando Coelho Ferreira da (1986): *A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira, Câmara Municipal, 1.ª Ed. (2.ª Ed, 2007).
- SILVA, Armando Coelho Ferreira da (2011): *Ordo Zoelarum. Arqueologia e identidade do Nordeste de Portugal*. Bragança, Museu do Abade de Baçal.
- VV.AA. (2002): *Torques. Belleza y poder* [Catálogo da exposição homónima]. Madrid, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.



Fig. 17 – Imaxes inéditas cedidas polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).



Fig. 18 – Imaxes inéditas cedidas polo Centro de Memória – Torre de Moncorvo (Fundo Professor Santos Júnior).

AGRADECIMENTOS

Quero expresar públicamente a miña gratitude a todas as persoas que contribuíron coa súa axuda para que este traballo puidese ser levado a bon porto. En primeiro lugar e de maneira moi especial, agradezo ao *Centro de Memória* da Torre de Moncorvo e ás súas funcionarias a súa manifesta amabilidade, eficiencia e simpatía á hora de facilitarme a consulta dos fondos relativos ao arqueólogo Santos Júnior e a publicación de moitas imaxes inéditas ali custodiadas. Ao meu colega nos últimos dous anos por estas fermosas terras transmontanas, o antropólogo Valdemar Pinho, sinxelamente quero agradecerlle a paixón que, como sempre, puxo na realización dos inquéritos orais relativos ao torques das Tamancas e ao santuario do Cabeço. Ao Sr. Norberto Santos, fillo do finado Santos Júnior e ao Sr. Mário Oliveira, actual garda do santuario, fícolles agradecido pola paciencia, o tempo, as conversas e as informacións que amavelmente me forneceron. Finalmente, agradezo ao João Monteiro o seu apoio coa cartografía e a Patrícia Costa a compañía en varias das visitas que realicei ás Tamancas e ao santuario, así como os valiosos comentarios e reflexións entretanto compartidos.